



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Aceptación da delegación de competencias do Concello de Mesía respecto do Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR)

O PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 12 de setembro de 2025, adoptou, por maioría dos trinta membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, o seguinte acordo:

“22. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mesía respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión do CONCELLO DE MESÍA ao Plan PREMADECOR, 3º GRAO, asumindo esta Deputación no referente aos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) as funcións de avaliación de riscos, seguimento de medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia do concello delegante.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, indicándose no anuncio que contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación (artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo). E previamente poderase interpor recurso de reposición, ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos (artigo 52.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local). Tamén se poderá presentar calquera outro recurso que se estime procedente”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 16 setembro de 2025.

O presidente,
Valentín González Formoso

O secretario xeral,
Miguel Iglesias Martínez

2025/6124